

MULLER

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO NO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**

Novamente o 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, convértese nunha cita ineludible para expresar o noso máis contundente rexeitamento á violencia contra as mulleres.

En primeiro lugar, queremos trasladar o noso apoio ás familias de todas e cada unha das vítimas da violencia de xénero, especialmente á familia de Fabiola Mariana da Silva, última muller asasinada na nosa comunidade. Poñendo de manifesto a nosa máis enérxica condena aos que exercen a violencia contra as mulleres, os que a ignoran, lle restan importancia ou a toleran de calquera xeito.

Esta violencia é un problema que na nosa sociedade afecta a toda a cidadanía, é un fenómeno social de primeira magnitude, unha cuestión pública, unha lacra social, ante a cal deben posicionarse as institucións e os poderes públicos.

As institucións públicas debemos impulsar todas aquelas políticas dirixidas a eliminar a violencia exercida contra as mulleres, dende a perspectiva da protección e de asistencia, pero tamén dende a óptica da prevención propiciando un cambio de valores que implique participar no futuro dunha sociedade sen violencia.

Reforzamos, unha vez máis, o noso compromiso político, e convocamos a todas as cidadás e, especialmente, a todos os cidadáns para que entre todas e todos acabemos con esta lacra social, que nos fai menos libres.

Este ano queremos dirixirnos á mocidade, que é un sector poboacional no que semella terse esvaecido o perigo e a gravidade deste problema. Sen embargo, é no que se presenta o maior número de casos de morte por violencia de xénero. Habemos de alertar deses comportamentos sutís que non se recoñecen como indicadores de desigualdade e mesmo de violencia. Temos que impulsar medidas para erradicar a discriminación, as falsas crenzas de que as relacións persoais son relacións de poder ou de confrontación entre os sexos e inculcar a semente da igualdade nos centros educativos, para forxar unhas xeracións futuras que sintan, practiquen, transmitan e loiten por unha sociedade xusta e igualitaria.

Impulsemos, entre todos e todas, un debate social profundo para cuestionarnos todas as estruturas que reproducen e manteñen esta situación de discriminación cara ás mulleres e construíamos novos modelos de relacións, un novo e máis avanzado modelo de sociedade.

Así mesmo, queremos recordar hoxe que a Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero aprobada por unanimidade por todos os grupos políticos e que representa, xa que logo, o esforzo de toda a sociedade para avanzar na erradicación da violencia de xénero, constitúe un adecuado marco que posibilita avanzar na protección das vítimas e na progresiva erradicación da violencia, acompañada dos recursos financeiros necesarios e da responsabilidade de todas as administracións implicadas.

## MULLER

A violencia de xénero non só supón un obstáculo para o logro da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, senón que incide negativamente no desenvolvemento das sociedades democráticas.

Polo tanto, conscientes de que unha sociedade non pode progresar nin conseguir os obxectivos democráticos se consente a violación dos dereitos fundamentais da metade da súa poboación, sentímonos na obriga, dende a nosa representación cidadá e democrática, de pronunciarnos, pois o silencio faríanos cómplices destes delitos.